d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan



a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de maio de 2025 e o 30 de setembro de 2026.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle



poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de



convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de novembro de 2026 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de maio de 2025.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poda executar a actividade ou presentar a xustificación antes do 30 de novembro de 2026, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2026. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña      Por Federación de Asociaciones Gallegas de la  
República de Argentina

**Asdo:**

**Asdo:**

O Secretario Xeral da Deputación Provincial A Coruña

**Asdo.**

”



### 36.- Aprobación técnica do proxecto Senda na DP 0810 Guiliade a Guisamo do pq 1+000 ao 2+500 Piadela a Viladesuso (BETANZOS)

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar técnicaamente o Proxecto Senda na DP 0810 Guiliade A Guisamo. do Punto Quilométrico 1+000 ao 2+500 Piadela A Viladesuso. (Betanzos) Plan de Sendas Peonís 2025 cun orzamento total de 509.002,35 € con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO	CLASIFICACIÓN
Betanzos	2025.1170.0002.0	Senda na DP 0810 Guiliade A Guisamo. do Punto Quilométrico 1+000 ao 2+500 Piadela A Viladesuso. (Betanzos)	4 meses	509.002,35 €	Non se esixe

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra Senda na DP 0810 Guiliade A Guisamo. do Punto Quilométrico 1+000 ao 2+500 Piadela A Viladesuso. (Betanzos)

3.- Expoñer ao público o [Proxecto Senda na DP 0810 Guiliade A Guisamo. do Punto Quilométrico 1+000 ao 2+500 Piadela A Viladesuso. \(Betanzos\)](#) mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produciran, considerárase definitivamente aprobado. ”

ACTUACIÓN DE CONTROL:

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Hai unha pregunta por escrito do Partido Popular.

Sr. Ben Otero

Grazas, presidente. Bo día a todas e todos os deputados e deputadas. A pregunta



que temos rexistrada é a seguinte; voulle dar lectura:

A estrada provincial DP-3614, coñecida como avenida da Gándara, une o barrio da Gándara coa da Faísca, e conecta tamén coa avenida Souto Vizoso, que dá servizo a distintos barrios, como a Freixeiro, O Couto e outros próximos, así como ao polígono da Gándara. Trátase dunha vía cun tráfico de vehículos moi elevado, tanto polo seu carácter de conexión interurbana como pola presenza de zonas residenciais, comerciais e industriais no seu contorno.

A pesar de estar limitada a 50 km por hora, o volume de circulación e as manobras de acceso ás rúas adxacentes xeran situacións de perigo para os peóns, especialmente nos pasos de peóns. En particular, o paso de peóns situado á altura do Camiño da Pena presenta un alto risco, xa que se teñen producido varios accidentes, tanto con peóns como con vehículos que aceden ou se incorporan ao vial principal. A solicitude que se fai ou que lle traslado dos compañeiros do Partido Popular de Narón é a seguinte:

1. Que a Deputación Provincial proceda a unha revisión integral da sinalización do paso de peóns situado á altura do Camiño da Pena na estrada DP-3614, na avenida da Gándara.

2. Que se execute a elevación do paso de peóns, de maneira que os vehículos se vexan obrigados a reducir a velocidade ao aproximarse a este punto, mellorando así a seguridade das persoas, peóns e do tráfico en xeral.

3. Que, no marco desta actuación, se valore tamén a mellora da iluminación e da visibilidade na contorna, co fin de reducir o risco de accidentes en horario nocturno ou de condicións de pouca visibilidade.

Sra. Rodríguez Ordóñez

Moi bo día, e moitas grazas, señor presidente.

Ben, vou facer lectura do informe correspondente para lle dar resposta á pregunta que acaba de facer o Partido Popular.

En relación a este asunto, voulle dicir, primeiro, que o tramo da estrada DP-3614, onde se sitúa o paso de peóns obxecto da pregunta, corresponde a un tramo urbanizado con beirarrúas a ambas as marxes, servizos municipais e iluminación, onde a velocidade está limitada a 50.

Segundo, o paso de peóns está debidamente sinalizado, igual que o resto dos pasos de peóns en toda esa estrada provincial.

Terceiro, o tramo obxecto da pregunta soporta un tráfico elevado, pois constitúe unha das posibles entradas e saídas ao polígono da Gándara, como ben menciona na propia pregunta.

Catro, respecto á accidentalidade nese tramo obxecto da pregunta, soamente consta un accidente rexistrado o 31/07/25 na intersección adxacente ao paso. Se ben é certo que son zonas urbanas onde os atestados de accidentes son realizados pola Policía Local, e os datos que temos nestes momentos son da Dirección Xeral de Tráfico,



eses datos, pois, a Deputación da Coruña non pode acceder.

Polo tanto, seguinte punto respecto á iluminación, é un servizo de competencia municipal.

Respecto á vixilancia e sanción nese caso das infraccións de velocidade correspóndelles ao Concello e á Dirección Xeral de Tráfico, segundo o reparto de competencias que teñan establecido.

Sete, polo tanto, tendo en conta o anterior, realizaranse as seguinte accións:

Solicitaráselle ao Concello de Narón os datos de accidentabilidade da dita estrada que poidan constar na Dirección Xeral de Tráfico. Tamén, dado o carácter urbano desa vía, estudarase a redución do límite de velocidade a 30 e reforzarse a sinalización. Solicitaráselles ao Concello de Narón, como á Dirección Xeral de Tráfico, que aumenten os controis de velocidade do dito tramo.

No caso de que estas medidas anteriores non fosen eficaces, estudarase a instalación de redutores de velocidade. Para iso, terase que cumprir coas condicións impostas nesta instrución, digamos, técnica para a instalación de redutores de velocidade, aprobada na orde correspondente que se utiliza como norma de referencia da rede de estradas desta Deputación Provincial.

E, como último, tamén manifestar que tamén entendemos que estes tramos urbanos nestas estradas, entendemos que deberíamos estudar a transferencia aos concellos correspondentes.

Pola miña parte queda respondida a pregunta. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Moitas grazas. Algunha pregunta máis?

Sr. Ben Otero

Sen ánimo de abrir debate, porque, ben, a súa resposta queda gravada, así escoitarana os compañeiros de Narón. Pero, ben, o que ten dito é nada; practicamente, que non van facer nada. Falarán co Concello de Narón, a ver que lle di, os accidentes que houbo e que, ben, quizais veremos o paso de peóns; é dicir, a estrada é unha estrada de titularidade provincial, e actuacións que hai que levar nela, ben, non sei, penso que dalgún xeito se elude a responsabilidade.

Pero, ben, voulle facer outro rogo, referente ao Concello de Narón tamén, referido á DP-5408 na zona do Val. Isto vén a raíz dunha presentación, dun escrito, alá polo ano 2000... polo ano 2019, xa. Uns veciños que se preocuparon e presentaron un escrito, porque hai unha conexión na DP-5408 dun quilómetro, nesta conexión coa AC-116, e piden, hai un problema de tráfico evidente pola zona de conexión co polígono, e o que poñían naquel momento, que nós trasladamos de novo para recordarllo, é que resulta moi perigosa a circulación dos peóns pola entrada do polígono DP-5408, posto que é unha estrada con moito tráfico ao ser unha das entradas do polígono do Río do Pozo. Entón, o que pedían era a posibilidade de facer unha pequena senda de 950 metros para, dalgún xeito, traballar na procura da seguridade vial, porque é un sitio moi perigoso, tanto



polo tránsito de peóns que hai por alí, e pola situación e a cantidade de coches que hai.

Eu pediríalle que se achegara, que o observara e que valorara a posibilidade de actuar nesta zona.

A maiores diso, traio unha cuestión de Camariñas, algo que se ten tratado no Pleno de Camariñas ultimamente, a iniciativa dunha moción do Bloque Nacionalista Galego, pero, ben, a min xa ma trasladaran os compañeiros de Camariñas no seu momento. Parece ser que na DP-1601, que une Ponte do Porto con Camelle, se ten prevista unha actuación para a seguridade vial que é o cambio ou a mellora do asfaltado. Os veciños de Camariñas, e así o ten acordado por unanimidade a corporación municipal, pensan que esta non é unha actuación suficiente, dado o número de sinistralidade que hai nesta estrada. Hai unha serie de curvas perigosas e algunha situación que está levando a que os veciños estean preocupados e que pidan que se lle dea unha repensada ao proxecto, porque, ao mellor, se se fai agora un investimento de reasfaltado e non é suficiente, ao mellor estamos tirando os cartos, por así dicilo; é mellor repensar o proxecto e ao mellor facer un proxecto máis ambicioso, de tal xeito que os cartos que se invistan traian consigo o que todos procuramos, que é unha mellora na seguranza tanto para os vehículos como para os peóns deste concello.

Y después, a raíz de la aprobación del presupuesto del otro día, que han aprobado ustedes, en el que se incrementó la partida de Vías y Obras, e hicieron gala de ello, lo cual a nosotros nos alegra, siempre y cuando se ejecuten, queremos traerle aquí uno de los ejemplos que explican por qué ustedes no ejecutan las partidas de Vías y Obras, y seguramente a veces no las ejecutan, no sé, por falta de tiempo, por falta de atención, por falta de vigencia, que no por falta de recursos, y en muchos casos estando aprobados los proyectos con antelación ya en este Pleno y simplemente falta la voluntad política, las ganas, la intención o la capacidad, no lo sé, o todo a la vez. Y me voy a referir concretamente en Rois a la DP-7402, aprobada en diciembre del año pasado, con una inversión de dos millones de euros, una obra importantísima, de Martelo a Augasantas, una obra que dificulta, que vertebra la comarca en aquella zona de Rois a Padrón, etc., con un tránsito brutal todos los días. Esto había sido una iniciativa del Partido Popular, con mucha anterioridad, en el anterior mandato, aprobada por unanimidad en este Pleno y, el año pasado, el 24 se aprobó el proyecto y aquí está. El alcalde, a día de hoy, un año después, no sabe nada de esto. Los vecinos no saben nada y lo que es peor es que no se ha trabajado nada, habiendo los recursos, el proyecto y demás, para trabajar en este asunto.

Yo les digo, por favor, que esto no es forma de trabajar. Iremos trayendo en los próximos plenos más, pero hoy les voy a traer algunas, dos milloncitos aquí ya de lo que no ejecutan y tienen ustedes presupuestado para Vías y Obras.

La siguiente es en Ponteceso, la senda de Lestimoño. Esto es un tema que ya viene del 31 de marzo del año 23; un millón de euros. Lo que nos preguntamos es por qué no se actúa en Lestimoño en Ponteceso. Quizá porque ha habido un cambio de Gobierno desde aquel momento, quizá por falta de diligencia, por falta de actitud, por capacidad, por ganas. ¿Por qué no se actúa? Otro millón de euros, ya van tres. Luego, en Ordes, en la DP-5905, la senda de Poulou. Esto fue aprobado el 1 de abril del año 24. Simplemente falta la firma del convenio y está todo preparado. Otro millón de euros aquí, solamente falta esto, pregunten en el Servicio. Faltan la voluntad y las ganas de hacerlo. Oiga, esto ya empieza a ser un poco una tomadura de pelo.



Y ya por último, aunque ya sé un poco lo que me va a responder, pues la avenida de A Garabanxa, en Oroso, la 3801. La avenida de A Garabanxa, en Oroso, 3801, un tema de 700.000 euros de esta casa, que el señor Leira lo conoce perfectamente. Fue anunciado en el anterior mandato, cuando él tenía responsabilidades de gobierno en Oroso, con un convenio con otras administraciones, que se está poniendo en riesgo la aportación de otras administraciones por su retraso en la ejecución de esta obra y en la firma de este convenio. Oiga, pero es que es curioso que en mayo del año 2024 el gobierno de Oroso recibe el ok al proyecto. En mayo del 24 el proyecto estaba ok, todo perfecto y para adelante. En agosto de este año, es decir, año y medio después, se le pide el levantamiento topográfico de un pequeño tramo de la actuación. El Ayuntamiento de Oroso hace el levantamiento topográfico y lo anexa al proyecto, pero después, un mes después, curiosamente, cuando estaba todo ok en el año 24, se pide el levantamiento topográfico en agosto del año 25 y se dice: no, no, no nos vale un anexo al proyecto, queremos un nuevo proyecto en que se incluya el levantamiento topográfico.

Mire usted, los compañeros de Oroso van a mandar el nuevo proyecto, pero esto no es forma de trabajar, esto no es forma de actuar. Aquí no solo estamos para aprobar iniciativas en este Pleno, porque todos somos conscientes de las necesidades que hay en la provincia, todos somos conscientes de ello. Y también todos sabemos que no se puede llegar a todos los sitios en el tiempo que nos apetecería o que querríamos, también lo sabemos. Pero, oiga, cuando hay unos fondos aprobados, un proyecto aprobado, y se está tomando el pelo a la gente y retrasando proyectos que no se están ejecutando porque ustedes no quieren, a nosotros esto nos preocupa. Por cierto, el alcalde de Oroso ha llamado en cuatro ocasiones al presidente de la Diputación y le ha pedido que le recibiera para hablar de este asunto, visto que no es capaz de entenderse con la diputada de Vías y Obras, yo le pido, señor Presidente, cuando un alcalde le llama de forma reiterada, sea del partido que sea, que le atienda, porque no creo que le llame por capricho ni porque sí, le llamará porque algo le preocupa y creo que es importante por lo menos devolver esas llamadas.

Y ya por último le digo, señora Rodríguez, yo a usted le tengo aprecio personal, se lo aseguro, y sus vecinos también, ahí están los resultados, no cabe ninguna duda, nadie cuestiona eso ni nadie cuestiona que usted tenga la capacidad o la posibilidad de estar aquí de diputada, faltaría más, eso está fuera de toda duda. Lo que sí le digo es lo siguiente: el área de Vías y Obras es un área que requiere plena dedicación. Precisamente por los 2.000 kilómetros de vías provinciales que tiene esta casa bajo su titularidad, precisamente por la dificultad de llegar a todos los sitios, controlarlo y estar al tanto de las cosas que se hacen todos los días. Yo le digo honestamente que debería valorar seriamente dejar el área, coger otra área que seguramente le podría compatibilizar con las responsabilidades que usted tiene en Vimianzo, pero Vías y Obras no se atiende desde esta casa, o no se debería atender de forma parcial. No vale con dos días a la semana unas horas. Hay que estar todos los días, a todas las horas, porque son muchas las necesidades, y los recursos, por lo que se ve, son muchos más de los que se ejecutan y, aun así, no serían suficientes. Nada más y muchas gracias.

#### Sra. Rodríguez Ordóñez

Moitas grazas, señor presidente. Vou intentar contestar un pouquiño a todo. En primeiro lugar, o aprecio é mutuo, señor Evaristo. Non teño ningún inconveniente con vostede; si podo ter varias ou moitas diferenzas co que acaba de dicir.

Ben, vou intentar contestarlle un pouquiño a todo, aínda que me ofrezco, despois



do Pleno ou cando vostede queira, porque o meu teléfono está acendido 24 horas, vale? 24/7. Polo tanto, se precisa algo, non poderá dicir que non lle respondín ao teléfono ou que non lle devolvín unha chamada, pois xamais o poderá dicir. Pero vou intentar responderlle un pouquiño a todo.

Sobre a pregunta que facía vostede de Narón, home, creo que cinco accións, cinco accións lle respondín ao de que se podería facer. O que non podemos é inventarnos nin de hoxe para mañá, porque ademais nos traslada que hai unha preocupación, nós recollémola, pero temos coñecemento dun só accidente no mes de xullo pasado. Entón, sinalizado está; é certo que hai puntos máis críticos que outros na seguridade vial e na seguridade peonil. Entón eu creo que fixen lectura, ademais, non un criterio político, non un criterio de Mónica, senón un criterio, loxicamente, dos técnicos, que coñecen a zona e que teñen unha información diaria do que sucede. E sen nos esquecer de que é unha zona urbana e que o mesmo Concello, pois, sen dúbida, tamén entendo que ten tamén responsabilidade en certas iluminación, velocidade, pois o Concello tamén ten capacidade para poder facer, ou neste caso facer, ou de maneira conxunta o propio Concello, e, dende logo, a titularidade da estrada, que é da Deputación, tamén de maneira conxunta, sen ningún problema.

Segundo, comentábame, falaba sobre unha senda... –non tomei nota do concello– que falaba algo dun escrito de 2019, no mesmo concello, en Narón, perdón, no mesmo concello. Loxicamente, do 2019, son deputada de 2023, non teño todos os expedientes na miña cabeciña, e así, entón, pois collerei, non dubido do que me está dicindo, pero así que poida, non necesito, e hai, un programa informático nesta casa magnífico, co cal temos ferramentas coas que traballar para poder comprobar iso e verei como está o expediente sen ningún problema.

Sobre Camariñas, pois loxicamente a esta Deputación e ao Departamento de Vías e Obras, claro que lle preocupa, pero si decidimos, e repito, non é unha decisión política, si decidimos facer un proxecto de repavimentación con nova capa asfáltica e onde a cal xa ese proxecto aprobado e, dende logo, coas suxestións e estudos previos porque, de feito, se fixo unha análise da pavimentación existente, dos accidentes que houbo somos coñecedores e, ben, falamos de días moi puntuais, coa pavimentación, dada a climatoloxía e demais, pero este departamento non se inventou facer un novo proxecto porque si, senón foi que se valorou despois de estudos previos, e ver a necesidade de repavimentar. Ese proxecto está aprobado, fíxose con toda a celeridade posible, neste tramo, como ben dicía, que vai a Camelle, no concello de Camariñas, e que nestes momentos está en licitación.

Falaba do orzamento. Por darlle uns números globais, espero non equivocarme. Estamos a falar de que no 2025 aprobamos un orzamento de 24 millóns. Despois, cos correspondentes MC, rondamos case os 60 millóns de euros; 51 millóns foron en proxectos e nestes momentos, á espera do Pleno de decembro, están sen... é dicir, dentro desa consignación non teñen proxecto, digamos, uns 3 millóns de euros. A vostede parécelle que iso non é ter, non é estar traballando e executando? Loxicamente hai todos uns procedementos, que hai unhas consignacións, que vostede fala moitas veces que nesta Deputación que temos uns fondos na conta, cando vostede sabe moi ben que eses fondos non son fondos que se teñen; teñen as súas consignacións, as súas subvencións, os seus proxectos, o que corresponda, como é neste caso. Entón eu creo que case 60 millóns de euros no 2025 pois eu creo que é un número importante para dicir e non estamos a falar de ningún saldo. 2026 máis de 30 millóns de euros. Eu creo que son uns números que reflicten bastante.



Falando de Rois, como lle dicía antes, teño que ver como está o expediente agora mesmo. É un proxecto que foi aprobado, é un proxecto que precisa dun proxecto arqueolóxico, dunhas autorizacións, algo que non dá este ente provincial. É algo que dependemos doutras autorizacións que ao mellor vostede podería poñer man, incluso, e poder axudar e colaborar en que isto fose todo máis rápido. E sabe do que lle falo.

Fala de Lestimoño; ben, pois loxicamente, falei en varias ocasións co alcalde. Vostede coñece moi ben este expediente, vostede hoxe pode traer aquí esta pregunta, este rogo, e eu, dende logo, como responsable da área, pois como fixen ata o de agora, seguirei preocupándome por este expediente e por outros máis que me corresponden e que teño a obriga, pero vostede sabe que o Concello tardou meses, meses, en presentar o seu RC, que era necesario, porque este proxecto inclúe partidas que non son competencia deste ente provincial e que o Concello, porque son traballos, partidas que hai que executar de servizos municipais. Polo tanto, vostede sabe moi ben que ese RC tardou en chegar a esta casa. Primeiro motivo de atraso, e sabe que non estou mentindo, sabe que é unha realidade, porque vostede e eu, e o señor alcalde, comentamos este tema en varias ocasións. A día de hoxe, temos, segundo un requirimento, está sen emendar, e vostede sabe que, se ese requirimento –que non o fai Mónica Rodríguez como deputada, fano os técnicos–, se o requirimento non está emendado, vostede entende que non se pode aprobar, verdade? Creo que non é nada innovador, é o que corresponde.

Falaba vostede ou facía alusión, e se me van a permitir todos vostedes, falan vostedes, Partido Popular, de cambios de camiseta? Pois nesta Deputación eu creo que, dende logo, dende Vías e Obras, non se cambia. Podemos ver os proxectos que dende Vías e Obras, esta Deputación, de maneira moi obxectiva, aproba, non só en Vías e Obras, senón de maneira xeral, e non falamos, porque un concello cambie de camiseta, cambian, pois dende logo as nosas preocupacións por mellorar, por mellorar, porque é unha obriga para nós. E, dende logo, mellorar, reconstruír, garantir a mellor seguridade vial e peonil nas estradas provinciais.

Vostedes falan de cambio de camiseta nas lexislaturas? Só é ver os xornais de cada día para ver o que faciamos nalgún concello hai tres meses e o que se fai hoxe. Creo que é vergoñento. Eu creo que iso é unha realidade que todos e todas podemos observar. Esta Deputación, e só comprobando os proxectos que se traen aquí, e falo dende a miña área, podo demostrarlle con algunha gráfica cales son os números de proxectos aprobados en vías provinciais en concellos da súa cor, ou da nosa, ou dos compañeiros do BNG, e iso pódese probar. Dende logo hai que ver de maneira obxectiva que a prioridade a marca, falando de estradas, pois loxicamente de estradas, e falamos de seguridade peonil e seguridade viaria, esa é a nosa preocupación, e non dende logo polas cores que vexamos que cando hai cambios ou non hai, pois nos preocupen máis ou menos as estradas, señor Evaristo.

De Oroso, faltaría máis, non quero aburrir a ninguén, pero teño aquí, podería ler, todo que a día de hoxe, eu falei co alcalde, falou comigo, moi respectuosamente, el comigo e eu con el, e el sabe perfectamente que hai un requirimento con, e non quero mentir, pero igual con 4 ou 5 puntos que están sen emendar. Houbo un requirimento con 5 ou 6 puntos para emendar. E só se emendou, como ben dicía vostede, o estudo topográfico, que nin sequera vén adxunto no proxecto. E segue sen emendar outras, que podería lelo, que o teño aquí porque, ben, nesa pregunta sabía que era de esperar. Pero convido o alcalde, o Concello, que por favor, e ben, as persoas que loxicamente haberá moita carga de traballo, pero rogamos que, se emendan todo isto, nos comprometemos



a, loxicamente, como é a nosa obriga, a revisar novamente, comprobar que todo ese requirimento foi emendado, eses documentos que faltan a día de hoxe para aprobar, é dicir, para poder facer eses informes favorables, que vostede sabe que son precisos e indispensables para poder continuar con esa tramitación. Creo que non é algo novo e algo que todos e todas que estamos aquí neste salón de plenos sabemos que é preciso. Polo tanto, rógolle, tanto do Concello anterior que acabo de mencionar, co máximo respecto institucional, persoal, que é preciso que se completen eses expedientes para que esta Deputación poida seguir coa tramitación correspondente.

Espero responder a todas as preguntas e só para rematar, agradézolle que en calquera momento, hoxe aquí, sen lugar a dúbida, pero que en calquera momento que precise, e na última alusión que fixo eu creo que, non sei, non quero dicir o que non corresponda, pero creo que en ningún momento vostede me chamou a min. Detrás miña hai un magnífico equipo humano, un xefe de servizo, técnicos, todo o persoal de Vías e Obras. Eu creo que non son eu a que fai os informes, son eu a que colaboro e, loxicamente, como responsable da área, orgullosa de facelo, como primeira muller, primeira muller, primeira muller deputada desa área, se vostede ten algún problema, algún inconveniente ou nalgún momento non lle respondemos dende o departamento ou non lle respondín eu mesma, pois se dirixa a min porque, loxicamente, eu creo que vostede non pode valorar nin organizar a miña axenda. Eu creo que debemos respectarnos. Eu non o fago con vostede coa súa tarefa como oposición ao concello, onde é membro da corporación municipal. E, home, vostede, eu creo que para rogarme iso, creo que é un pouco desafortunado. Pola miña parte, dígollo persoalmente, respectuosamente, cariñosamente, eu creo que non é vostede. Será o meu partido, ao que lle debo todo, pois o que deba facer o equipo de goberno. Pero creo que vostede rogar algo, cando eu creo que non me puxen nas súas funcións, non me puxen se vostede pois fai o seu traballo ou non fai o seu traballo. Rogaríalle tamén que o respectara. Agradézollo persoalmente.

Moi bo día e moitísimas grazas.

Sr. Ben Otero

Es lo mismo. A mí me parece perfecto que usted sea mujer, eso faltaría más. Yo no juzgo en ese sentido, juzgo la ejecución del presupuesto en Vías y Obras. No vayamos a ir por donde no corresponde, porque eso no tiene ningún sentido.

Llama la atención que en Oroso, en mayo del 24, el proyecto estuviera ok y haya recepción de ese ok y que a día de hoy no esté ok. En fin, ustedes sabrán, con ese maravilloso equipo humano que tiene, que nadie lo cuestiona, pero a ver si algunos matices se pueden hacer de otra manera.

Y, mire usted, que apruebe proyectos por un montante equis me parece muy bien, pero hay que ejecutarlos. Esto es un papel sin más, no tiene ningún valor si no se ejecuta. Martelo-Augasantas, no tiene ningún valor este papel si la obra no fructifica. Lestimoño, no tiene ningún valor este papel si la obra no se ejecuta. La senda de Poulo en Ordes, no tiene ningún valor este papel si no lo ejecutan. Y el problema que tienen ustedes es de ejecución, no están ejecutando el presupuesto que tienen. Puede venir usted aquí a presumir, pero la realidad de las vías provinciales es la que es. La realidad de las vías provinciales es que aquí, para que autoricen un paso de peatones elevado, eso es casi un milagro, porque no sé cuál fue el último paso de peatones elevado que autorizaron ustedes en las vías provinciales. Le hago otra pregunta, responda en el



siguiente pleno: ¿cuál fue el último paso de peatones elevado que se autorizó en una vía provincial? Me gustaría que me lo dijeran. Oiga, 2.000 kilómetros de vías tienen. ¿Cuál fue el último paso de peatones elevado que se autorizó?, para seguridad vial de los peatones, por el amor de Dios.

Y, hombre, yo he reconocido su capacidad política, no la cuestiona nadie, sobre todo porque no la cuestionan los vecinos de Vimianzo. En consecuencia, no voy a ser yo quien lo haga, ni la capacidad política que tiene, no la cuestiona nadie. Solo le digo que usted llegó a un momento en el área tan concreta de Vías y Obras, o tiene una dedicación plena o hay un problema, pero no porque sea usted, hombre, mujer o tal. Le digo porque si usted quiere atender su ayuntamiento, como intenta hacerlo y es muy razonable, es muy difícil que pueda atender el área de Vías y Obras en la Diputación provincial. Y espero que se entienda bien, porque eso es así, desde el máximo respeto.

Por mi parte, nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Ben, simplemente meterme no voso debate. A todos nos gustaría que fora moito máis rápido o Departamento de Vías e Obras, gustaríanos. Pero hai múltiples razóns que impiden que sexa así. Algunha terá que haber, Evaristo, se un proxecto de 2 millóns de euros que ti consideras, defíniches como importantísimo –creo que foi a palabra– en Rois, no concello de Rois, Augasantas e Martelo, en catro anos de 2015 a 2019 que gobernastes, dera tempo a levalo a cabo. Non se fixo en 4 anos, un proxecto que se considera importantísimo. Polo tanto, a min non me cabe dúbida de que o presidente anterior e o deputado anterior que compatibilizaba o seu posto no Concello de Cabana de Bergantiños coa titularidade de Vías e Obras, tiña todo o interese do mundo en que un proxecto importantísimo se levara a cabo, habilitar o crédito, facer o proxecto pedir as autorizacións e levalo a cabo... –Estou falando eu, despois falas ti–. Non é un tema de ser alcalde ou non ser alcalde. É un tema, dicíao ben, perfectamente a deputada, é un tema de equipo. E ten un bo equipo, pero entre mans estamos a falar de cuestións que teñen que ver en moitos dos casos, pois mira, mesmo onte á noite na gala de Turismo da Deputación, falando co alcalde de Dumbría, desesperado por unha estrada que adxudicamos e que houbo que resolver o contrato, esperar a que o Consello Consultivo emitira o seu informe favorable, levar a pleno a resolución, resolver o contrato, etc. Agora que o temos todo resolto, resulta que Augas de Galicia considera que está caducado un permiso para un mesmo proxecto.

Por tanto, enfrontámonos, e aquí neste salón de plenos en multitude de ocasións, a proxectos que están paralizados por permisos que ás veces son autonómicos, que ás veces son estatais, pero que paralizan os proxectos enormemente. Está aquí Gelo mirando atentamente, seguro que está pensando no famoso muro de Bergondo, que custou vidas, vidas, e por unha puta árbore dá igual as vidas que custe. Dá igual; a Xunta que non, que non, que non, que non. E hai que esperar anos, pero anos, que con isto levamos, non sei, cinco polo menos, cinco polo menos, cinco, claro. O orzamento está aí. Non se pode executar, por falta dun permiso. Augas de Galicia, Patrimonio, Adif, non che digo nada Adif, non che digo nada Aena, é dicir, é permanente. Que non somos os máis rápidos do mundo?, sempre son eu o primeiro en recoñecelo. Que somos os máis rápidos tendo intención e habilitando crédito?, que xa é moito, como lles digo eu aos veciños, cando din: dubido que vaiades facer esta actuación; non, se está o crédito aprobado, vaise facer a actuación, ti non te preocupes. Pero despois non depende soamente da vontade da deputada ou do deputado que estea, dá igual da formación



política que estea. O importante, a vontade política demostrase na habilitación do crédito. Aí é onde se mostra a vontade política, porque non hai ningún proxecto habilitado ao crédito que non se execute nin se leve a cabo, salvo que polo medio apareza unha negativa dun permiso sectorial que impida a súa execución. Non hai ningún, ningún, busquen onde busquen. E, por tanto, a vontade política demostrase orzamentariamente adicando ese recurso económico para un proxecto concreto e non para outro. Polo tanto, iso é así. Co cal, o nivel de execución de Vías e Obras é máis lento do que nos gustaría?, sen dúbida. Pero que hai múltiples causas, tamén, e que as reunións son semanais para intentar axilizar proxecto a proxecto, detectando onde están as dificultades en cada un deles, tamén llo podo asegurar. Falamos de expropiacións, falamos de permisos sectoriais, falamos de habilitacións de crédito, falamos de alegacións, falamos de sensibilidade respecto das peticións de concellos, falamos do Concello de Oroso; eu non sabía que me chamara, sabes que igual tardo, pero sempre, sempre recibo todos os alcaldes, independentemente de cal sexa a cor, sempre. Nunca. Descoñecía iso, Evaristo. Cando saia de aquí, chamarei o alcalde de Oroso, por suposto, e pedireille perdón, sen dúbida ningunha. Pero, en calquera caso, falamos no caso de Oroso, dun caso complexo, onde financiamos unha avenida, avenida da Garabanxa, que ten tres administracións implicadas; xa empezamos a complicar a cousa. Tres administracións. O Concello, Augas de Galicia, para abastecemento, e a Deputación. Hai dous proxectos: un provincial, que ten o ok; un autonómico que non ten o ok, fáiselle un requirimento porque faltan as unidades, faltan as unidades de obra; polo tanto, non se pode facer unha licitación conxunta sen que consten as unidades de obra acreditadas e concretadas.

Polo tanto, non é tan doado; en calquera caso, entendo que é normal que fagades fiscalización do labor do Goberno; enténdoo, acéptoo, asúmoo, tedes razón en parte, pero non evidentemente no que ten que ver coa axilidade da propia deputada e a intensidade que lle dedica ao traballo, porque creo que está en máis sitios dos que debe, moitas veces, polo interese e pola importancia das cuestións. Creo que ás veces non fai falla ir ver unha tubaxe para que se execute unha tubaxe. Estou convencido de que, calquera dos alcaldes que estamos aquí, delegamos; para iso temos auxiliares técnicos de obras, enxeñeiros técnicos, enxeñeiros superiores, xefes de servizo, xefes de sección, para executar moitos dos traballos que nós pensamos, decidimos e orzamentamos.

Moitas grazas. Algunha pregunta máis? Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:56 horas.